BORRADOR DA ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA FEGAN CELEBRADA O 14 DE XUÑO DE 2024

A Asemblea comeza ás 17:00 horas en SEGUNDA convocatoria cos asistentes que se relacionan ao final. A reunión se celebra no CSC de Fontiñas en Santiago de Compostela, co seguinte

Orde do día:

1.- Lectura e aprobación se procede da acta da reunión anterior.

2.- Informe do Presidente.

3.- Aprobación se procede das contas correspondentes ao ano 2023.

4.- Aprobación se procede do orzamento do ano 2025.

5.- Aprobación se procede das Normativas xerais da tempada 2024-25 (X01 a X08)

6.- Aprobación se procede de Calendarios e Normativas de competicións 2024-25 das distintas modalidades deportivas:

a) Natación Máster (NM01 a NM10)

b) Natación (N01 a N15)

c) Wáter-polo (WP01 a WP09)

7.- Rogos e preguntas (R01 a R08)

No primeiro punto do orde do día e a lectura e aprobación da acta da Asemblea anterior, que se publicou co resto da documentación no apartado da Asemblea na páxina web da Federación. Ao non haber intervencións, se procedese a votación.

A acta se aproba por unanimidade.

No punto 2 da orde do día, o Presidente comeza dando a benvida a todos os asistentes a esta Asemblea e lembrando que é a súa primeira Asemblea como Presidente, polo que pide un pouco de comprensión e si creedes que o merezo, un voto de confianza.

O primeiro que quero agradecer e o persoal da FEDERACIÓN pola súa profesionalidade que demostran cada día, pero hai unha persoa que ademais da súa capacidade de traballo, me transmite unha tranquilidade, e lealdade que o agradezo profundamente, e quero recoñecelo en esta Asemblea. GRACIAS MON.

Tampouco me podo esquecer de unha persoa que con acertos e erros, puxo a esta Federación entre as máis destacadas a nivel Nacional e traballou durante moitos anos para conseguir os mellores resultados posibles, tanto deportivos como económicos . GRACIAS CHARLY pola túa gran labor o fronte da FEGAN.

O primeiro que tiña que facer despois do meu nomeamento como Presidente, era compoñer unha Xunta Directiva, para a quixen contar con todos os vogais que xa formaban parte e, ademais nomear dúas persoas de confianza, como a Alejandro García como TESOUREIRO e Vicepresidente a Fernando Timiraos, os cales lles dou as grazas polos consellos e as vosas aportacións. Fai un mes aproximadamente presentou a dimisión Belén Álvarez, vogal de Artística e incorporouse Ana Santiago a cal lle damos a benvida. GRACIAS A TODOS

pola vosa aportación.

Unha vez coñecida a situación da FEDERACIÓN, tivemos que poñernos a traballar nas seguintes cuestións que vos cito a continuación e que nos propuxemos como prioritaria o tema Económico, e non descoidar o tema deportivo aínda que si sufriu consecuencias, moi pronto me gustaría recuperar polo ben da Natación Galega.

MEDIDAS ADOPTADAS

- Débeda de Clubs.
- Renegociación con provedores de materiais, como por exemplo medallas.
- Reducir custos en concentracións GES, tecnificación de waterpolo, saídas, concentracións, trofeos e intentar reducir número nas convocatorias para Ctos. por CCAA en todas as disciplinas: NATACIÓN, WATERPOLO E ARTÍSTICA.
- Conxelación salarial de todos os traballadores da Federación.
- Control de gastos desprazamentos.
- Acabamos de firmar un patrocinio en canto a roupa deportiva, con unha empresa Galega (JIM SPORT) sita en Palas de Rei e que levamos dende febreiro en conversacións tanto por temas de tecidos e loxicamente económico, e creo que chegamos a un acordo realmente moi interesante para os nosos intereses, con un aforro aproximado dun 47% con respecto o material de TURBO. Tamén empezamos negociacións para un patrocinio con esta empresa para a FEGAN pero só estamos iniciando negociacións.

En canto a miña xestión como Presidente, dende o primeiro día, crein que era e é importante representar Institucionalmente a FEGAN en todos os actos, presentacións e competicións, así como atender peticións de Clubs que así o desexen, de acompañalos en calquera problemática ante as administración, tanto con clubs de Natación como Waterpolo. Por sorte en Sincro de momento e todo máis tranquilo.
Tivemos moitos problemas para sacar adiante competicións, tanto de Waterpolo (sobre todo en inverno) como en Natación (Cto. Galego AA, Torneo Norte – Sur , e pendentes de Sede da Etapa Final do Circuito Galego AA). Aquí quería mencionar O Concello de As Pontes por abrirnos as portas, e o Concello de Ribeira por acollernos como sede do Torneo Norte - Sur, así como o Concello de Cervo polas facilidades para poder organizar o que nós consideremos interesante, como concentracións, Campus etc.... Así como os Concellos e Deputacións onde temos actividade habitual, e que sempre nos reciben con moi boa disposición.

En canto a relación ca RFEN estamos en constante contacto e dende o primeiro día a miña intención foi traer o máximo de Campionatos Nacionais a Galicia, o primeiro foi o Master (coa colaboración do CN Galaico) tamén Final de Etapa Circuito Nacional de AA en Castrelo de Miño (coa colaboración do CN Pabellón Ourense) ou o Cto de España de Natación Artística alev-inf que terá lugar do 28 o 30 de xuño en Ourense (coa colaboración d C Sincro Ourense). Estamos a traballar na tempada seguinte, onde xa tivemos reunión con Concello, Fundación, Galaico e RFEN para traer a Pontevedra o Cto. España Infantil de Inverno, tamén quedamos en ver posibilidades de traer Waterpolo, onde temos conversacións abertas, e tamén tivemos reunión co Concello de Ourense para intentar mellorar equipamento da instalación e poder traer algún evento nacional e ter unha instalación máis dispoñible aparte da de Rías do Sur, que por certo, as facilidades e o diálogo co Presidente da Fundación son excepcionais.

Grazas ao vocal do CGA, Aitor Bouza, tivemos varias reunión coa Deputación de A Coruña (Antonio Leira) para ver vías de axudas e poder acollernos a algunha liña de subvencións, onde temos

Avenida de Glasgow, 13 | 15008 - A Coruña | Tel. 981 174377
www.fegan.org - info@fegan.org

tramitadas algunha, aínda que polo momento non temos ningunha adxudicada.

En canto a RESULTADOS DEPORTIVOS pásovos a nomear o máis destacado, aínda que sei que todos sodes coñecedores dos mesmos.

NATACIÓN E AUGAS ABERTAS

Participación no Campionato do Mundo de Augas Abertas (Doha) con Medalla de Prata no 10K de María de Valdés (CNLiceo) e clasificación para os próximos XXOO París. Participación no recente Campionato de Europa de Augas Abertas de Belgrado. Participación en Copas de Europa e do Mundo de Augas Abertas.

• Participación de Paula Otero (CN Arteixo – Centro Nacional de Málaga) na Etapa 1 da Copa do Mundo de Augas Abertas en Exipto, 15ª posición. Medallista Nacional Campionato España de Augas Abertas (10k)

• 2ª posición de Inés Mourenza (CN Portamiñá- CGTD) no Campionato de España de Augas Abertas (7,5k) e clasificación para o Campionato de Europa Junior de Augas Abertas.

• 2ª posición de Mario Méndez (CN Rías Baixas- Centro Nacional de Málaga) no Campionato de España de Augas Abertas 5 k, Sevilla, logrando a clasificación para o Europeo Absoluto de Augas Abertas en Belgrado e para a Etapa 1 da Copa de Europa de Piombino, Italia.

• 1ª posición de Mateo García (CN Arteixo – CGTD) (10K) e clasificación para o Campionato de Europa Junior de Augas Abertas e para a Etapa 1 da Copa de Europa de Piombino, Italia.

Resumo total

• Representación nos próximos XXOO de París (María de Valdés – CN Liceo)

• Medallista Internacional no Mundial de Doha 10k (María de Valdés- CN Liceo)

• Representación nos recentes Campionatos de Europa de Augas Abertas en Categoría Masculina (Mario Méndez CN Rías Baixas) e en categoría feminina María de Valdés (CN Liceo)

• Representación nos próximos Campionatos de Europa Junior de Augas Abertas en categoría Masculina (Mateo García CN Arteixo – CGTD) e en feminina (Inés Mourenza CN Portamiñá – CGTD)

• Representación en diferentes Copas de Europa e do Mundo (Paula Otero (CN Arteixo), Mario Méndez (CN Rías Baixas), María de Valdés (CN Liceo) e Mateo García (CN Arteixo)

• Medallistas en Campionatos de España de Longa distancia en piscina e de Augas Abertas. (Inés Mourenza, (CN Portamiñá- CGTD), Mateo García (CN Arteixo – CGTD) Paula Otero (CN Arteixo – Centro Nacional Málaga), Mario Méndez (CN Rías Baixas- Centro Nacional Málaga)

Natación

• Posibilidades de poder meter no Equipo Nacional para os JJOO a dúas nadadoras de clubs Galegos, Carla Carrón (CN Ponteareas – CGTD) e Paula Otero (CN Arteixo- CAR Sant Cugat) e a un nadador galego Miguel

Avenida de Glasgow, 13 | 15008 - A Coruña | Tel. 981 174377
www.fegan.org - info@fegan.org

Martínez que compite desde hai dúas tempadas co Real Canoe e adestra na Blume.

• Participación en diferentes Meetings Internacionais representando ao equipo nacional ou aos seus Clubs.

Róterdan Qualification Meet

- Paula Otero (CN Arteixo Centro Nacional Málaga)
- Carla Carrón (CN Ponteareas)

Open Portugal Coimbra

- Paula Otero (CN Arteixo – CN Malaga)
- María de Valdés (CN Liceo)
- Mario Méndez (CN Rías Baixas)

◦ Participación no próximo Campionato de Europa Junior Vilna, Lituania. Sergi Navarro (CN Ferrol – CGTD)

◦ Participación como Selección Galega nos diferentes Campionatos Nacionais de FFTT de categorías alevín, infantil e junior.

◦ Medallas nos diferentes Campionatos Nacionais, absoluto, junior e infantil.

◦ Varios RG en probas de remudas e individuais Multitude de MMG en diferentes probas tanto en P25 como en P50.

◦ Multitude de finalistas en Campionatos absoluto, junior e infantil.

Posible participación de nadadores Alevíns no próximo Campus Alevín RFEN. (Dentro do Top 40)

◦ Celebración de Clinic RFEN

◦ Celebración de xornadas GES Infantil, Alevín e Benjamín

Técnicos

Resaltar tamén a participación dos seguintes técnicos en Competicións, Concentracións ou Programas de Formación da propia RFEN ou do CSD
Luisa Domínguez- Adestradora do CGTD

Jesús de la Fuente – CN Liceo

Carlos Brión – SD Boiro

Sergio Silva – RCNV

Avenida de Glasgow, 13 | 15008 - A Coruña | Tel. 981 174377
www.fegan.org - info@fegan.org

NATACIÓN ARTÍSTICA

Xeral

A natación artística está en constante crecemento. Desde a tempada 2015-2016 iniciouse un proxecto de apoio ás deportistas e adestradoras que consistía nun número de tecnificacións anuais nas que, cun grupo reducido de deportistas seleccionadas previamente, realizábanse adestramentos orientados á mellora das condicións físicas e técnicas.

Tempada 2021-2:

En setembro do 2021 iniciouse o proxecto de tecnificación integrado no CGTD que contaba con 4 deportistas. Ese mesmo ano, tempada 21-22, logrouse por primeira vez na historia que unha deportista galega formase parte da selección nacional (categoría infantil):

• Daniela Suárez 3º lugar en dúo mixto no Cto de Europa Infantil Francia.

• Daniela Suárez 1ª en equipo no Cto de Europa Infantil Francia.

• Daniela Suárez 1ª en Rutina Combinada no Cto de Europa Infantil Francia.

• Daniela Suárez 1ª en o Cto do Mundo en Equipo (Charlotte)

• Daniela Suárez 2ª en Rutina Combinada no Cto do Mundo (Charlotte)

Ademais, a nivel nacional lográronse varias medallas por figuras por parte da deportista:

• Helena López (bronce e prata).

Foi un bo inicio de proxecto e unha tempada bastante boa.

Tempada 22-23

A tempada seguinte tivemos un incremento de 3 bolsas, logrando ter a 7 deportistas galegas integradas no plan de tecnificación do CGTD. En Ctos nacionais inverno e verán lográronse os seguintes resultados:

• Daniela Suárez (prata) en figuras

• Helena López (bronce) en figuras

• Iván González e Marina Calvo (prata) en dúo mixto.

No Cto de España de FFAA:

• Helena López foi ouro en figuras

• Helena López bronce en solo

• Helena López e Daniela Suárez bronce en dúo libre Ese mesmo ano, as dúas deportistas (Helena e Daniela) lograron ser seleccionadas para representar á selección nacional infantil, participando no Cto do Mundo de Atenas, 2023. Logrouse en dúo mixto

• Helena López prata en dúo mixto

Avenida de Glasgow, 13 | 15008 - A Coruña | Tel. 981 174377
www.fegan.org - info@fegan.org

• Daniela Suárez prata en equipo

• Daniela Suárez e Helena López bronce en Rutina Combinada

• Daniela foi 7ª de o mundo en figuras (1a española)

• Helena foi 19ª de o Mundo (5a española)

Tempada 23-24

Esta tempada aínda non chegou ao seu fin, pero por agora logramos aumentar 1 praza máis no CGTD, polo que temos un equipo de 8 deportistas. Podemos resaltar:

• Daniela Suárez, 3ª en solo categoría Junior no Cto Nacional de Inverno

• Os 4 dúos do CGTD (8 deportistas) entraron na final de dúos tanto no Cto Nacional de Rutinas técnicas como no Cto Nacional de Inverno

• Os 3 solos entraron na final dos Ctos Nacionais de rutinas técnicas e de Inverno.

Nos Ctos de España por FFAA categoría infantil obtivemos os seguintes resultados, clasificando en 4º lugar no ranking xeral.

• Iván González 3º en só infantil

• Iván González e Martina Alvarez 5º en dúo mixto

• Alejandra Baliñas 7ª en figuras

• Candela Pazo 9ª en figuras

• Candela Pazo 9ª en solo

• Martina Alvarez 11ª en figuras

• Carmen Fuertes 14ª en figuras

Ademais, a nivel de seleccións nacionais:

• Helena López e Daniela Suárez preseleccionadas para a selección Junior nacional (sendo as dous primeiro ano Junior) Daniela Suárez participación na World Series leg 3, categoría absoluta, na que obtivo os seguintes resultados:

• Daniela Suárez 4ª en a Serie Mundial de Canadá equipo técnico

• Daniela Suárez 4ª en a Serie Mundial de Canadá equipo libre

• Daniela Suárez 5ª en a Serie Mundial de Canadá equipo acrobático Daniela Suárez, ademais, será convocada para o Cto de Europa Junior en Malta no que, se nada ocorre, nadará equipo técnico e libre e se nada pasa será convocada para o Cto do Mundo Junior en Lima, Perú, no que nadará tamén en principio o equipo técnico e libre.

En termos xerais, en Ctos Galegos, as deportistas do CGTD están sempre nos primeiros lugares.

Avenida de Glasgow, 13 | 15008 - A Coruña | Tel. 981 174377
www.fegan.org - info@fegan.org

WATERPOLO

Estado actual:

- Galicia conta a día de hoxe 574 licenzas de waterpolo, 415 masculinas e 159 femininas.
- 9 clubs de waterpolo. - 8 clube ten equipos en categorías inferiores.
- 6 clubs teñen sección feminina
- Contamos con 1 equipo en categoría nacional feminina (CW Pontevedra en 1ª Nacional Feminina).
- Participamos nas fases de ascenso a categoría nacional tanto en categoría masculina como en feminina (CW Santiago en ambas as categorías)
- A nivel de comunidades participamos no Campionato de España Infantil de Waterpolo por Comunidades Autónomas tanto en categoría masculina como feminina, obtendo unha 11ª e 8ª posición respectivamente.
- En categorías inferiores imos participar nos seguintes Campionatos de España por Clubs:

• CTO España Waterpolo Infantil Mixto - CM Ferrol
• CTO España Waterpolo Xuvenil de 2ª Categoría - CWC Rías Altas
• CTO España Cadete Masculino - CW Pontevedra

- Realizamos tecnificacións en categorías alevín, infantil, xuvenil e absoluta.
- Ademais conta con varios xogadores/as galegos/as repartidos por toda a xeografía xogando categoría nacional.

Futuro próximo:

- Manteremos un equipo en categoría nacional unha tempada máis.
- Introduciremos a categoría xuvenil masculina, a categoría máster e o circuíto de beach polo
- Buscaremos aumentar o número de tecnificacións das categorías de base.
- Tentaremos aumentar a participación en Campionatos de España no maior número de categorías.
- Existe a posibilidade de que algún equipo masculino do salto a nacional

No punto 3 da orde do día, toma a palabra o tesoureiro Alejandro García para indcar o seguinte:

As contas do ano 2023 reflicten uns cambios respecto a as do 2022 baseados nunhas medidas tomadas pola xunta directiva unha vez que a asemblea non aprobou os orzamentos para a presente tempada. Eses orzamentos reflectían a necesidade de incrementar o importe das licenzas para facer fronte a unha situación económico financeira delicada.

O feito de non alcanzar esa cifra provocou a necesidade de atacar de forma inminente o problema histórico da federación, a débeda dos clubs. Esta débeda reduciuse, ao 31 de decembro, de 48.000 euros a 17.000 e, a

Avenida de Glasgow, 13 | 15008 - A Coruña | Tel. 981 174377
www.fegan.org - info@fegan.org

día de hoxe podemos dicir que está completamente saldada, con débedas sostibles de 300-400 euros por club que consideramos razoables no que é o día a día competitivo. Hai unha parte importante deses 17.000 euros que ten consideración especial por tratarse dunha débeda xudicializada.

Como se comentou na asemblea pasada o resultado de 2022 provocou que todo o remanente que había doutras tempadas nas que os beneficios da federación eran constante acabouse polo que as próximas tempadas serán delicadas en relación ao control e estabilidade de gastos e ingresos.

En relación ao PyG de 2023 destacamos:

- unha subida na cifra de negocios xustificada por un aumento de licenzas unha pequena subida das mesmas e a redución da débeda dos clubs.
- mantívose practicamente igual a subvención da xunta de Galicia
- lixeira subida na partida de persoal debido ás actualizacións salariais. Este ano esta partida forma parte das medidas de axuste tomadas e non aumentará debido á conxelación salarial.
- dentro da partida de gastos de xestión incluímos organización de campionatos, medallas, desprazamentos do CGA e de deportistas.

O resultado de 2023 é de 37.976,68 euros de perda. Estes números negativos por terceiro ano consecutivo provocou que a Xunta de Galicia solicitásenos no mes de xaneiro un plan de viabilidade económica para a liquidación da subvención deste ano 2024. Devandito plan foi aprobado e en febreiro recibimos o 90% da subvención.

Non hai intervencións por parte dos asambleistas polo que se procede á votación para a aprobación das contas do ano 2023.

As contas do 2023 son aprobadas con 32 votos a favor, 0 votos en contra e 3 abstencións

No punto 4 da orde do día sobre o orzamento do ano 2025, o tesoureiro indica o seguinte:

En relación ao orzamento confecciónase partindo das contas de 2023 e do orzamento presentado en 2024 e que finalmente non se aprobou.

Na parte de INGRESOS órzanse 595.000 euros repartidos da seguinte maneira:

Cotas club. Non sofren ningunha modificación e ascenderían a 24.000 euros

Licenzas. Aquí revisáronse unha a unha todas as partidas contabilizadas en 2023 e modificouse o prezo de cada unha, dando como resultado os 239.000 euros orzados

Organización de campionatos. O exercicio foi o mesmo, revísase todo o realizado en 2023 e adáptase á realidade da próxima tempada. En organización de campionatos incluímos

Dereitos de arbitraxe

Edición de resultados

Dirección de competición

Avenida de Glasgow, 13 | 15008 - A Coruña | Tel. 981 174377
www.fegan.org - info@fegan.org

Secretaría de competición

Trofeos

Convocatorias

....

Subvencións e outros ingresos. Traballamos co criterio de prudencia onde non orzamos posibles aumentos senón que utilizamos cifras confirmadas para esta tempada.

En relación aos GASTOS o detalle dos 595.000 euros sería:

Compras: aproximadamente 24.000 euros entre todo tipo de material deportivo e federativo

Persoal: É a partida mais elevada e manterase en números similares aos desta anualidade 2024. Organización de campionatos. Incluímos o que os clubs pagades para cada unha das competicións e que inclúe todo o relacionado co gasto da mesma arbitraxes, crono, edición, convocatorias, etc..... polo que a diferenza co orzamento de ingresos é unicamente o pago en concepto de desprazamento do persoal necesario para a competición, algo que asume ao 100% a federación.

A partida orzada individualmente de desprazamentos fai referencia a viaxes e hoteis das distintas seleccións a campionatos de España por CCAA.

Intervén Raúl Solleiro para preguntar si no ano 2024 non había orzamento, si se prorrogou o do año 2023 e si se fai algún seguimento orzamentario.

Responde o tesoureiro que efectivamente, para o ano 2024 se prorrogou o orzamento do ano 2023 e que si se fai seguimento do que se vai informando á Xunta Directiva. E certo que no se fixo en Comisión Delegada pero que se fará nos vindeiros meses.

Raúl Solleiro pregunta si non se pode tomar algunha outra medida de redución de gasto que non supoña a conxelación salarial do persoal federativo. O tesoureiro responde que esa medida se reverterá no momento en que a situación económica o permita.

Sen máis intervencións, procedese a votar o orzamento presentado para o ano 2025.

O orzamento 2025 e aprobado por 30 votos a favor, 0 votos en contra e 5 abstencións.

Avenida de Glasgow, 13 | 15008 - A Coruña | Tel. 981 174377
www.fegan.org - info@fegan.org

Nos puntos 5 e 6 se debaten as propostas de modificación presentadas por escrito plos asembleístas, sendo as únicas que se tratan e someten a aprobación.

A continuación figura o resumo coas propostas presentadas polos asembleístas sobre as normativas xerais, normativas de competicións e calendarios das diferentes modalidades e os resultados das votacións:

PROPOSTAS NORMATIVAS XERAIS				
X1	Cidade Santiago	Composición xurados e dereitos de arbitraxe	Competicións por sesión	Aprobada Si-26 No-3 Abs- 5
X2	CN Portamiñá	Composición xurados e dereitos de arbitraxe	Precámara de saída en Liga Máster	Aprobada Si-23 No-9 Abs- 4
X3	CN Portamiñá	Composición xurados e dereitos de arbitraxe	Xurado Ctos Provinciais	Aprobada Si-27 No-3 Abs- 7
X4	Oscar Diéguez	Axudas de custo	Directores competición e resultados	Retirada
X5	AD Fogar	Axudas de custo	Importe kilometraxe e dietas	Aprobada Si-18 No-12 Abs- 6
X6	AD Fogar	Organización competicións	Importe series e resultados por clubs	Aprobada Si-28 No-0 Abs- 7
X7	Óscar Dieguez	Organización competicións	Redacción convocatorias arbitrais	Aprobada Si-33 No-1 Abs- 2
X8	Adrián Trillo	Organización competicións	Reparto de gastos por clubs	Aprobada Si-27 No-0 Abs- 10
PROPOSTAS NORMATIVAS COMPETICIÓNS				
NM01	CN Arteixo	Liga Máster	Programa de probas A	Aprobada Si-22 No-8 Abs- 0
NM02	CN Arteixo	Liga Máster	Programa de probas B	Retirada
NM03	CN Pabellón	Liga Máster	Programa de probas e participación	Rechazada Si-8

Avenida de Glasgow, 13 | 15008 - A Coruña | Tel. 981 174377
www.fegan.org - info@fegan.org

				No-22 Abs- 0
NM04	CN Arteixo	Cto Galego inverno	Programa de probas A	Aprobada Si-27 No-1 Abs- 11
NM05	CN Arteixo	Cto Galego inverno	Programa de probas B	Retirada
NM06	CN Arteixo	Cto Galego inverno	Programa de probas C	Retirada
NM07	Cidade Santiago	Cto Galego Inverno	Programa de probas	Retirada
NM08	CN Arteixo	Cto Galego verán	Programa de probas A	Aprobada Si-27 No-1 Abs- 11
NM09	CN Arteixo	Cto Galego Inverno	Programa de probas B	Retirada
NM10	CN Arteixo	Cto Galego verán	Programa de probas C	Retirada
N01	Adrián Trillo	Tabla mínimas	Manter mínimas	Aprobada Si-21 No-4 Abs- 6
N02	Cidade Santiago	Liga benxamín	4 xornadas locais e 2 zonais	Aprobada Si-19 No-17 Abs- 3
N03	Cidade Santiago	Liga alevin	4 xornadas locais e 2 zonais	
N04	CN Mos	Liga benxamin	Distribución de grupos	Retirada
N05	CN Mos	Liga alevín	Distribución de grupos	Retirada
N06	FEGAN	Liga benxamín	Programa de probas	Retirada/error
N07	Cidade Santiago	Liga benxamin	Programa de probas	Aprobada Si-27 No-0 Abs- 7
N08	FEGAN	Liga alevin	Programa de probas	Aprobada unaninidade
N09	Cidade Santiago	Liga alevin	Programa de probas	Retirada
N10	Cidade Santiago	Liga infantil	Programa de probas	Aprobada Si-21 No-4 Abs- 13
N11	Cidade Santiago	Liga infantil	Participación	Aprobada Si-25 No-5 Abs- 7
N12	CN Ponteareas	Liga clubes	Fase Final	Rechazada Si-8 No-19 Abs- 12

Avenida de Glasgow, 13 | 15008 - A Coruña | Tel. 981 174377
www.fegan.org - info@fegan.org

N13	Cidade Santiago	Cto júnior	Inscrición remudas	Aprobada unaninidade
N14	FEGAN	Calendario Natación	Adaptación a competicións nacionais	Retirada *
N15	CN Mos	Calendario Natación	Datas ligas benx, alev e clubes	Retirada *
*	Unha vez aprobado o calendario RFEN se enviará proposta a clubes natación e se valorará en reunión previa á aprobación en Comisión Delegada			
WP01	C Marina	Ligas DH mas e fem	Sistema competicións	Aprobada Si-9 No-0 Abs- 27
WP02	FEGAN	Cto Galego xuvenil	incluir	Aprobadas unaninidade
WP03	C Marina	Normativa Xuvenil mas	Cto Galego e Liga	
WP04	FEGAN	Liga Máster	Incluir	
WP05	C Marina	Liga Máster	Incluir	
WP06	FEGAN	Beach Polo	Incluir	
WP07	C Marina	Normativa xeral	Adaptación a novas competicións	
WP08	CW Lugo	Normativa xeral	Licenza técnico compatibilidade	OK. Revisar/aclarar redacción
WP09	CW Lugo	Normativa xeral	Técnicos	OK. Revisar/aclarar redacción
RESUMEN DE ROGOS E PREGUNTAS PRESENTADOS POR ESCRITO				
RP_01	AD Fogar	Mesas de traballo provinciais		
RP_02	CN Escualos	Cto Fondo Máster en sesión única		
RP_03	CN Escualos	Cto Galego AA - data		
RP_04	CN Escualos	Ctos Galegos – formato e remudas		
RP_05	CN Escualos	Licenza deportista ou máster		
RP_06	CN Escualos	Liga Máster 2 sedes		
RP_07	CN Escualos	Seguro deportivo - coberturas		
RP_08	CN Portamiñá	Cto Galego Máster verán		

Na quenda de rogos e preguntas presentados por escrito, o Presidente responde ao AD Fogar confirmando a posta en marcha para a vindeira tempada de mesas de traballo co Director Técnico para a revisión/estudo

Avenida de Glasgow, 13 | 15008 - A Coruña | Tel. 981 174377
www.fegan.org - info@fegan.org

de posibles modificacións e adaptacións de normativas.

Tamén confirma a revisión durante a tempada por parte da vogalía máster das particularidades dos Campionatos Galegos.

Ao non estar presentes os representantes do CN Escualos, non se tratan os seus rogos.

Sin más asuntos que tratar, se levanta la sesión a las 20:00 h

RELACIÓN DE ASISTENTES Á ASEMBLEA XERAL ORDINARIA CELEBRADA O 14 DE XUÑO DE 2024

Estamento de Clubs:

RCN Vigo	D. Sergio Silva Guiadanes
C del Mar	Dª. Susana García Sueiro
CN Coruña:	D. Raúl Solleiro Tizón
CT Codesal	Dª. Carlos García González
C Marina Ferrol:	D. Fernando Bustabad Ferreiro
AD Fogar:	D. Gustavo Álvarez Nogueira
AD Náutio Narón	D. David Pita Rodríguez
CN Ferrol:	D. Victoria Jiménez Pérez
CN Cedeira	D. Marcos García Soto
CN Riveira:	D. Javier Puente Díaz
CN Rias Baixas:	D. Enrique Pérez Cruces
CN Monforte:	D. Emilio Beltrán Díaz
CN Redondela	D. Oscar Fraga
CN Ponteareas:	D. Andrés Carrera Costas
CN Portamiñá:	D. Ángeles Vázquez Varela
CN Pabellón	D. Santiago Escudero Pereira
CN Mos:	Dª. Santiago Garabatos Rodríguez
CN Arzúa:	Dª. Mª Isolina Curros de Amboage
CN Arteixo:	Dª Virginia Martínez Blanco
CW Pabellón Ourense:	D. Alejandro García Rebolo
SD Boiro:	D. Carlos Brión Sampedro
C Galaico Sincro:	Dª. Alejandra Parada
CDN Cidade Santiago:	D. Jose A Rioseco Díaz
CN Culleredo:	Dª. Dolores Sar Morano
CN Escualos:	D. Martiño Fortes Novoa
CWC Rías Altas:	D. Danick Ramos Van Barneveld
CW Lugo:	Dª. Sabela castro Martínez

Estamento de Deportistas:

D. Antón Dopico Rey
D. Álvaro Losada Jiménez
D. Juan Pontón Rodríguez
D. Adrián Trillo Rodríguez
Dª. Ángela Martínez Novoa

Avenida de Glasgow, 13 | 15008 - A Coruña | Tel. 981 174377
www.fegan.org - info@fegan.org

Dª: Rosalía Soler Lomba

Estamento de Adestradores

D. Jorge Jiménez Pérez
D. Pablo Méndez Ferreiro

Estamento de Xuíces-Árbitros:

D. Francisco Barral Trípoli
D. Manuel Castro Casal
Dª Marta Estévez Sántos
D. Óscar Diéguez Reinaldos

Presidente da Federación:

D. Juan Carlos Brión Lema

Membros da Xunta Directiva da Federación (sen voto)

D. Alberto Tomé Nogueira
D. Fernando Timiraos Carrasco
Dª. Ana Santiago Saiz
D. Xavier Pérez Carpio

Secretario Xeral:

D. Ramón Mosquera Niebla

Vº Bº Presidente

Secretario Xeral

Avenida de Glasgow, 13 | 15008 - A Coruña | Tel. 981 174377
www.fegan.org - info@fegan.org